



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

[Inicio](#) > FACEMOS UN TRATO CO GALEGO!!

FACEMOS UN TRATO CO GALEGO!!

Enviado por [admin](#) [1] o Mar, 05/16/2023 - 08:40

[Curso 22_23](#) [2]

O *Día das Letras Galegas* é unha celebración para pór en valor a nosa lingua e reivindicar o labor que unha persoa representativa da nosa cultura desenvolveu polo galego, unha lingua que, segundo os datos actuais, pouco a pouco vai esmorecendo.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega quere concienciar desta situación, principalmente ás e aos falantes do futuro. Para iso, alumnado de 5º e 6º dirixido polo profesor Alberto Martínez, preparou a obra de teatro *Fai un trato co galego*, da que tamén é autor o devandito profesor. Con ela presentáronse ao XXVII Festival Intercentros do concello de Santiago de Compostela; o estreno foi todo un éxito e proximamente tamén o alumnado e o profesorado teremos ocasión de presenciala en directo.

Pero mentres, ofrécennos a toda a comunidade educativa a posibilidade de poder gozar da súa actuación con tan só pinchar na imaxe.



Pódese atopar máis información en <https://edlglopezferreiro.blogspot.com/> [3]

Ogallá sexa o inicio de mil primaveras máis para a nosa lingua. Feliz Día das Letras Galegas!



Feito con **Drupal (ver. 6.28)**



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/552>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/2>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/74>

[3] <https://edlglopezferreiro.blogspot.com/>